

RAMONA ÓRBITA

A DONA DO TEMPO

PAKOLAS



+ INFO
LIBRO-CD:
"Ramona Órbita.
A dona do tempo"

Sinopse

[Ver vídeo](#)

"Pakolas", rockeiro e guitarrero, é o nome co que Paco Cerdeira se presenta ante o público infantil, eido no que o músico conta con longa traxectoria. Neste concerto, Pakolas guiaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e a guitarra, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.



En "Rockeando con Ramona Órbita, a dona do tempo" (*) Pakolas preséntanos o seu último librodisco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (Agosto-2020)

Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de *Ramona Órbita*, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta cibernetica con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con *Manolo Cavernario* que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha *Roda Rota* que se fai chamar *Time*, etc, todo ata chegar a *Benvidas ao Futuro* na que cantamos por unha sociedade mais ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natura.

Moitas personaxes poderedes atopar nos seus librodiscos, con historias das que APRENDER e GOZAR a ritmo moi rockeiro.

En definitiva un espectáculo para compartir cos mais peques e coa familia. Pakolas incluírá nesta montaxe algún dos seus éxitos anteriores, dos mais aclamados polo público.



(*) "Rockeando con Ramona Órbita, a dona do tempo" conta con escenografía traseira. "Ramona Órbita, a dona do tempo" pola contra non conta con escenografía traseira

Ficha artística

Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 15 anos, comezando os seus pasos como membro de **Mamá Cabra** (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante máis de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros, auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014, dada a súa longa traxectoria, **decide formar a súa propia banda de música infantil**, e nace así **A Gramola Gominola**, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como Autor en Marzo de 2015, *"A Gramola Gominola"* (Editorial Galaxia- Sonárbore)



Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa.

No ano 2017 editase o segundo libro-disco *"Cancións para desafinar"* seguindo a mesma liña, e no 2019 sae á luz o terceiro traballo da banda, *"Bravas. O rexurdir da luz"*, todos coa Ed. Galaxia. Ademais da formidable aceptación do público, acadan o **Premio Martín Códax da Música 2018** ao mellor grupo de música infantil


O seu proxecto máis persoal, **Pakolas**, nace a finais de 2015, no que segue a compoñer para a cativada con letras e composicións propias. O seu primeiro traballo en solitario, *"Pakolas"* (2017), é un libro-disco publicado pola Ed. Galaxia, que conta co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. Son 10 composicións, nas que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica. Conta con dúas edicións no mercado

En agosto de 2020 sae editado o seu segundo traballo en solitario, *"Ramona Órbita, a dona do tempo"* (Ed. Galaxia). Axiña agota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En Xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición. Neste novo libro contaremos e cantaremos a ritmo moi rocheiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Xira por toda Galicia ata a actualidade con máis de 100 funcións anuais, en bibliotecas, coles, teatros, auditorios, e cun éxito de público!

Ficha técnica

- **Espectáculo:** Musical
- **Duración:** 55-60 min (aprox)
- **Música e son:** Paco Cerdeira (*)
- **Escenografía (**):** Laura Romero
- **Público:** Infantil e familiar
- **Escenario: (***)**
 - Ancho: 4,0 m
 - Fondo: 3,0 m
 - Alto: 3,0 m



- **Montaxe:** 1,5 horas (unha vez descargado) **Desmontaxe:** 1 hora
- **Equipo de son:** **Equipo propio**, para un aforo de 150 persoas, adoptando as medidas sanitarias de distanciamento social provocado polo COVID-19. No caso de maior aforo consultar. (O enchufe de corrente deberá ser de 220 voltios con toma a terra).

(*)Dende o punto de vista técnico da música, Paco Cerdeira interpreta en vivo e directo a través da súa voz e guitarra, e completa o conxunto do espectáculo cunhas bases gravadas de baixo e batería fundamentalmente, que conforman a composición musical.

(**) O espectáculo *"Ramona Órbita, a dona do tempo"* non conta con escenografía traseira

(***) Ambos espectáculos adaptables a diferentes espazos, consultar.

Contacto (contratación)

Paco Cerdeira Castiñeiras

Tel: (+34) 649 61 18 45

Email: pakolas.cerdeira@gmail.com

Mais datos

- **Web:** www.pakolas.com
- **Discografía:** www.pakolas.com/cancions
www.soundcloud.com/pakolas

- **Social**

Vídeos

